

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº3 / Ano: 2020 / 2ª quincena Mes de maio / illados polo coronavirus

A RAPA NA ILLA DE ONS

Dende a primeira fin de semana do mes de maio, celébranse en toda Galicia máis de vinte Curros ou Rapa das Bestas. En xuño cando máis, destacando as de Mougas e A Capelada. En xullo celébrase a máis famosa, a de Sabucedo, na Estrada. E, en agosto destaca a de Recarei en Valadouro-Lugo. E en Ons? Páx. 1



VECIÑOS EN LOITA. ONS EN LOITA

Neste mes de abril fai un ano que os veciños de Ons comezaron a súa loita para poder ir a Ons sen ningún tipo de atranco, cos seus familiares e amigos. A loita aínda continúa porque a Administración non deu resolto o problema, solución que prometeron tanto o Conselleiro de Cultura como a de M. Ambiente.

A posición de veciños e concello con respecto á declaración como Patrimonio da Humanidade do Parque Nacional, foi crucial para que a Administración se aviñera a falar. Páx. 2

OS CAMAWUAIANOS DE ONS

Celebraron a súa xuntanza no Nadal, pero o coronavirus arruinou a que ían celebrar en Portonovo no mes de marzo.

Páx. 2



PARTIDA DE DOMINÓ NAS MAÑÁS DE VERÁN NA ILLA DE ONS

Ons, non sería Ons se no verán, polas mañás, na taberna de Checho non se escoitara o peto na mesa das fichas e os berros dos xogadores pola mala xogada que fixo o seu compañeiro. Aquí vemos, nunha foto retrospectiva, ao Sr. Checho, botando unha partida con outros illáns.

Páx. 1.



FESTAS DE ONS 2019

Como non podía ser doutra forma, o pasado ano 2019 celebráronse as Festas patronais na honra de San Xaquín na Illa de Ons. Aproveitouse esta celebración para que os veciños reivindicaran os seus dereitos e para homenaxear a Aurita e Manolo pola súa contribución histórica ás festas de Ons. Páx. 2



FAI TRECE ANOS. No 2007 mitin político na igrexa de Ons.

Nese ano o Partido Popular aspiraba a recuperar a maioría absoluta en Bueu e decide realizar un mitin na Illa de Ons, elixindo a igrexa de Curro para realizalo.

Dábase a circunstancia que este templo estaba nun estado deplorable, debido á falta de uso e, sobre todo, ao mal estado do seu tellado, cousa da que se percatou (como vemos na foto) o candidato. Páx. 1

UN DESGRACIADO NAUFRAXIO DUNHA LANCH AUXILIAR, PROVOCA O NACEMENTO DUN NOVO TOPÓNIMO EN ONS NO ANO 1967.

A gamela auxiliar da embarcación meca "Larexo", naufraga na zona do Estropeiral na Illa de Ons cando andaban á pesca do robalo e orixina que ao lugar onde sucede o tráxico naufraxio se lle coñeza cun nome (topónimo) novo. Páx. 3

A <RAPA> DE ARBOREDO EN ONS

Non, aínda que en Ons hai un Curro, non imos a cortarlle as crinas a “Caretas”, o cabalo de Pepe de Miro. Referímonos a outra <Rapa>, a de árbores que está a levar Parques na Illa de acacias e eucaliptos.

Comezou esta “rapa” hai xa anos no Chan da Pólvora, argumentando que as árbores estaban en mal estado e que poderían caer sobre as tendas de campaña. Case non quedou árbore alí e a pequena cabeleira tan característica que se vía dende as terras do Salnés, case desapareceu da Illa. Logo seguiron con Melide, deixando a parte norte, enriba da praia, sen arboredo ningún. Continuaron na zona do cámping cortando os eucaliptos. Seguiron coas acacias da correioira que vai dende Melide cara ao camiño do Faro. Despois foron polos do Campamento, deixando unha zona de sombra onde se montaba a tenda de Primeiros Auxilios, completamente núa (mirar fotos). Agora, 2020, volveron a Melide, e seguen coa corta de eucaliptos polo zona alta, pegado ao carreiro que vai ao camiño que sube ao Faro.

Pode ser que haxa que facelo, non imos meternos niso, especialistas nese campo hai dabondo para críticoalo se o están a facer mal, pero o que non entendemos é o por que non plantan outras especies autóctonas a medida que cortan. Dende que comezaron estas tallas, ao carón de non informar aos veciños do motivo (podería incluírse nun apartado de Educación e Información Ambiental), non levaron ningunha fase de repoboación, deixando a Illa, que xa tiña poucos, sen árbores.

Pedimos á Administración dende este xornal que comece unha repoboación sistemática de árbores por toda a Illa, sobre todo, naqueles lugares onde cortou. Deberían seguir esa máxima que se lle din aos rapaces na escola: *“Sempre que se abate unha árbore, deberían plantarse dúas”*.



Zona do Campamento (Pereiró) onde cortaron as acacias. Vese a diferenza entre como estaba e como quedou. Xustamente debaixo desa masa arbórea instalaban a tenda de campaña que servía como espazo de Primeiros Auxilios.



O DOMINÓ NO TEMPO DO CARONAVIRUS EN ONS

Como dicíamos, en Ons, durante o verán, é sagrada a partida de dominó a partires das 11. Pero, que pasará este verán 2020 co tema do covid-19 e as distancias que hai que gardar entre persoas, neste caso, entre xogadores? Pois para iso están os Camawuaianos buscando solucións. Aquí a tendes, con espazo suficiente, con separación adecuada e ata con espazo para o árbitro, para aclarar as cousas sen que haxa acaloramentos. Só falla o xel hidro - alcohólico, para lavar mans e fichas en cada xogada. Tamén haberá que habilitar un espazo en altura para o miróns, senón, non se decatan. (Foto cedida por un camawuaiano).

PRIMEIRO MITIN

NA NOVA IGREXA DE CURRO EN ONS.

A mediados dos anos 60 s.XX, a nova administración, Colonización, decide investir en Ons uns cartos para mellorar o nivel de vida e servizos dos illáns, segundo dicían. Como por desgraza ocorre en Ons, non contaron nin informaron aos veciños, persoas que ían a recibir esas melloras e, en vez de facerse eco das demandas dos illeiros que solicitaban un moderno porto que dera abrigo aos novos barcos a motor que non se podían varar na praia como as dornas, realizaron unha serie de construcións que, agás unha parte da escola e a casa do mestre, estiveron inutilizadas ata os anos 80 s.XX.

Entre esas construcións estaba a nova igrexa. O templo, como todos os demais edificios do Centro Cívico (así foi como lle chamaron), agás o día de Festa da Illa, non vía ao cura para nada e ese edificio foi utilizado, ao longo do tempo, para diferentes actividades que foron dende comedor de campamentos relixiosos ata sala de exposicións, sendo no ano 2007 o lugar onde se celebrou o primeiro mitin político en Ons.

Na igrexa, cun aspecto ruinoso polo mal estado do seu tellado, celebrou o Partido Popular o primeiro mitin que se facía na Illa. Alí presentouse ante o illáns, Jose Barreiro.



A ILLA DE ONS EN LOITA

Fai xa un ano que xurdiu o problema entre veciños e Medio Ambiente pola asunto das inconcibibles cotas que lles querían impoñer para poder ir ás súas casas illáns. O conflito durou 6 longos meses, todo o verán, onde a administración fixo oídos xordos das xustas reivindicacións veciñais. E aínda dura, xa que as promesas que os conselleir@s de Cultura e M. Ambiente fixeron aos representantes veciñais rematada a época estival, seguen sen cumprirse.

Entre outras, a estratexia levada a cabo polos veciños, coa axuda do concello de Bueu, foi a de posicionarse en contra da declaración de Ons, como parte integrante do Parque Nacional, como Patrimonio da Humanidade. Esa argucia, fixo que entrara no conflito o Conselleiro de Cultura e, aínda que con moito escepticismo sobre as súas palabras, foi o que calmou os ánimos e puxo sobre a mesa a busca de solucións que aínda non frutificaron.

O apoio a esta comunidade histórica nas súas reivindicacións, tanto no tema das cotas ou códigos de acceso, como no de conseguir a propiedade das vivendas que os seus devanceiros, con moito sufrimento, construíron, é total.

Pero, sobre a declaración como Patrimonio da Humanidade, sería interesante puntualizar. Primeiro, fíxose sen contar cos veciños, pois algo que pode influírles no futuro, deberían ser partícipes tanto en información sobre a letra pequena desa declaración como na de opinar ou, como mínimo, poder alegar ao respecto. E segundo, o por que do nome que a esa declaración lle puxo a Xunta: *Cíes, Parque Nacional Illas Atlánticas Patrimonio Natural da Humanidade*. Non se entende, o por que hai que poñer Cíes diante, e non Ons ou Cortegada. Se o que se busca, non é unha pelexa contra o alcalde de Vigo pola loita que leva por Cíes como candidatura única, e si, que todas as Illas do Parque sexan por igual, Patrimonio da Humanidade, por que poñer Cíes diante?

Incomprensible é que o alcalde de Vilagarcía e, sobre todo, o de Bueu, non puxeran ningunha pega a esa cuestión. Todas as illas do Parque teñen unhas características que as fan únicas, importantes e imprescindibles para esa Declaración, así que ningunha ten por que destacar por riba das demais. Dende aquí avogamos polo nome máis sinxelo e que abarca a todas as Illas sen distinción:

<Parque Nacional Illas Atlánticas, Patrimonio Natural da Humanidade>.



Única pancarta escrita en galego.

FESTAS 2019. ILLA DE ONS

Este ano 2019, o concello de Bueu decidiu homenaxear, pola súa traxectoria no apoio das festas de Ons, a Aurea Reiriz Otero e a Manolo Ferradás Reiriz. O acto foi moi emotivo.

Aurita, foi unha gran traballadora, no faro co seu home Miro, percebeira, indo ao marullo, traballando as terras, labores do fogar,..., e criando a cinco fillos, e aínda sacaba tempo para axudar nas festas.

Manolo, fillo de Pancho o que tivo o primeiro barco-correo á Illa, seguiu os pasos do seu pai patroneando primeiro o “Azor” e logo os demais barcos que posuíron e que facían o traxecto Bueu-Ons.

Os dous merecense esa homenaxe.



OS CAMAWUAIANOS CELEBRARON A PAPADELA DE NADAL EN BUEU

Como levan facendo dende hai varios anos, os camagüeis de Ons reuníronse en Bueu, no restaurante Estrella, para dar boa conta duns mariscos variados, unhas excelentes cocochas e arroz de marisco. Non faltou o bo albariño, a sobremesa, os chupitos e as conseguíntes copas, o que provocou que desen renda solta ás boas cantigas dirixidas por Mallo. No mes de marzo ían reunirse de novo, desta vez en Portonovo, pero a chegada da pandemia truncou a festa. Esperemos que lles deixe celebralo na Illa este verán.



EL PUEBLO GALLEGO

26 de xuño de 1967

LAS VÍCTIMAS DO LAREXO

Hoy ampliamos nuevos detalles del naufragio sufrido por la lancha auxiliar del barco de pesca denominado «Larexo», que costó la vida a su patrón, Ricardo Barral



Manuel Prol Fernández, de 35 años, marinero.

Abelleira, y al marinero Manuel Prol Fernández, cuyos cuerpos no han sido hallados cuando enviamos esta crónica, pese a los continuos trabajos de rastreo que se han venido haciendo desde su desaparición por varios barcos y el «Larexo», con la ayuda de un hombre rana.

Según nos han informado, el lugar en donde ocurrió el suceso, al noroeste de la isla de Ons, conocida en el argot marinero por la «Illa», es uno de los más peligrosos que circundan la misma, en donde, aún en los días de plena calma, como ocurrió en la noche de la tragedia, suele romper el mar con bastante fuerza. Como la clase de faena a que se dedica el «Larexo» es la conocida con el



Ricardo Banal Abelleira, de 51 años, patrón.

nombre de tramallos, para la captura de robalizas, mújeles, robalos, fanecas y otras especies que suelen criarse precisamente en las rompientes, hace peligrosísima la profesión de los marineros que se dedican a esta clase de pesca.

El «Larexo» se había hecho a la mar en la tarde del miércoles, y el suceso ocurrió cuando desde la lancha auxiliar su tripulación se disponía a dar un lance, siendo en ese momento cuando un golpe de mar hizo zozobrar la embarcación, que arrastró consigo a los tres marineros que la tripulaban. Uno de ellos, el patrón Ricardo Barral Abelleira, fué arrastrado con el aparejo, de donde pudo ser sacado por sus compañeros.

Una vez puestos a salvo, momentáneamente, los tres marineros, pues se encontraban sobre unos bajos, el motorista Francisco Otero Aguiño regresó a nadar al barco, recorriendo una larga distancia, hasta el lugar de su fondeo, poniéndolo en marcha y regresando al lugar del naufragio para recoger a sus compañeros, encontrándose con la desagradable sorpresa de su desaparición, e inmediatamente lanzó unas bengalas de petición de socorro, procediendo seguidamente a su búsqueda, que resultó infructuosa.

Se supone que los infortunados marineros debieron de tratar de ganar tierra, y que posiblemente, al encontrarse mermadas sus facultades físicas, fuesen envueltos por algún golpe de mar que los arrastró, posiblemente después de haberlos golpeado, hasta el fondo. Esta es la opinión en la que coinciden la mayoría de las gentes de mar.

El luctuoso suceso, que asoló unos hogares modestos y laboriosos, ha causado, como ya hemos dicho, hondo pesar en la villa en la cual eran muy queridos, y en donde se sigue con ansiedad la búsqueda que se lleva a efecto. Publicamos sus fotografías para su posible identificación por si el mar los arroja a alguna parte de nuestro litoral o fuesen recogidos sobre la superficie.

TRAXEDIA MARÍTIMA QUE PROVOCA O XURDIR DUN NOVO TOPÓNIMO EN ONS

O 27 de xuño de 1967 un barco de O Grove de nome <Larexo> dirixiuse á Illa de Ons para a pesca do robalo á técnica do abalo. Escolleron a zona coñecida como Estropeiral, largando entre o Con da Lapeira e o Rego do Xeno, mesmo debaixo da Pendente dos Campos.

Segundo contan os veciños de Ons, coñecedores da zona e deste xeito de pesca do robalo, fondearon o barco e botaron unha pequena gamela ao mar á que subiron os tres mariñeiros e dende a que largaron o aparello (trasmallo) rodeando un dos cons. Nun dos intres nos que estaban a abalar (golpear con pedras, atadas a uns cabos, a auga para espantar os peixes), un forte golpe de mar fixo virar a gamela e que os mariñeiros caeran o mar, quedando un deles suxeito pola rede. Hai varias versións dos feitos, pero o certo é que, dos tres, só un logrou chegar ao barco e os outros dous, que parece estaban a flote agarrados a uns penedos, no puideron soportar o embate das ondas á espera do seu compañeiro e desapareceron. Por máis que os buscou e chamou por eles, arriscando a súa vida polo forte mar, decidiu regresar ao Grove e dar a voz de alarma.

Co día foron varios barcos de O Grove na súa procura, pero foron uns mariñeiros de Ons que andaban á pesca do polbo coa arte do espello, os que deron con eles preto da costa pero a unhas dúas millas do lugar do naufraxio.

Dende aquela esa zona coñécese co nome (topónimo) de “Onde Morreron os Homes”.

ONS NA MEMORIA



Comentaba aquel historiador cando chegou a Ons: “O que máis me impresionou, foi mirar un bo número de vivendas coa bandeira republicana debuxada na cheminea da casa, e que duraran tanto tempo, tendo en conta o réxime no que se viviu”.

HOMENAXE A STAFFAN MÖRLING

Cando estábamos a pechar este nº 3 de Onstopus, soubemos do pasamento do “Sueco”, Staffan Mörling, o que nos obrigou a aumentar un par de páxinas máis este xornal dedicado á Illa de Ons, Illa que el tanto amou, para dedicarlle unhas palabras de agarimo ao que foi un dos maiores defensores da Cultura Popular e Mariñeira de Ons.

A MIÑA PRIMEIRA CONVERSA CON STAFFAN MÖRLING E CHEFA

Tinón

Esta semana pasada deixounos ese grande home que borbóriñaba ás dornas, que sentía paixón por Ons e que enaltecía aos seus veciños, o Sueco, como así lle chamaban a Staffan Mörling.

Aínda que xa o coñecía dende que cheguei a Ons polas centos de historias que me contaban, a primeira vez que tiveron sorte de charlar con el foi no mes de xullo de 1980 que, aproveitando un permiso na mili, fora a Ons a pasar uns días.

O Sueco, estaba na taberna de Acuña, parolando con Manolo (Garulo) nunha daquelas mesas corridas que tiña naquel tempo. Cando entrei, Manolo, chamou por min e, o xeito de presentarme a Staffan foi dicirlle: “- Mira, este é coma ti cando viñeches, anda a preguntar pola compañía, polas meigas, polas dornas...” Staffan quedou mirando para min, un pouco sorprendido co aquel sorriso que lle caracterizaba, supoño pensando, que Manolo o estaba a vacilar. Convidáronme a sentar e acompañados dunhas cuncas dun exquisito tinto de Rubios, comezamos a falar. Mörling, interesouse polo que eu estaba a pescudar. Eu quería comentarlle cal era a miña teima, pero, con Manolo alí, era imposible, estaba empeñado en que o Sueco me contara as centos de falcatuadas que lle facían daquela e que el soportaba e toleraba con moita resignación para non perder o vínculo.

Foi unha primeira charla curta, pois pronto chegou a súa muller, Chefa, e Palmira, a muller de Manolo, coa cea, pero, dende logo hai que considerala intensa no sentido de que tanto un como o outro quedamos interesados en continuala.

Subín eu tamén a cear e, ao rematar, baixei, como todas as noites, ás tabernas para troulear cos veciños e os poucos campistas que por aquela había. Cando entrei na de Acuña xa remataran de cear, e Mörling e Chefa, estaban sós na mesma mesa que os deixara cando me fora. Manolo e Palmira estaban a atender aos que alí se xuntaban pola noite. Convidáronme de novo a sentar e seguimos deleitándonos cunha botella de Rubios, o Sueco só bebía tinto, ou polo menos iso dixera. Comezamos entre os tres unha longa conversa sobre a vida illán, os seus costumes, lendas,..., e, en especial sobre os dous traballos que sobre Ons se coñecían por aquelas datas, o etnográfico de Álvaro das Casas e o histórico de Salustiano Portela Pazos, que debullamos durante máis de tres horas.


Xa ben entrada a noite, despedímonos e eles tomaron rumbo a Canexol e eu cara a Caño onde vivía.

Non volvemos a coincidir nos seguintes días que durou a miña curta estancia, ata que o domingo, día de marchar, confluímos na popa do barco de Pancho, o Azor, e fomos charlando toda a travesía. Ao chegar a Bueu, alí estaba esperándome a miña moza e, como eles non tiñan coche para ir a Beluso onde vivían, ofrecémonos a levalos, cousa que aceptaron e agradeceron. Ao chegar, convidáronnos a subir ata a súa vivenda e tomar algo. Nun principio rexeitámolo co pretexto de ter que facer cousas en Pontevedra, pero tan pronto Staffan dixo que quería ensinarme o traballo que estaba a realizar e que visualizara unhas cantas fotos da Illa, trocamos deseguida de idea e subimos con eles.

Teño que dicir que quedei atónico co mundo de papeis mecanografados, escritos a man, debuxos, fotos,..., sobre embarcacións tradicionais galegas que tiña no seu despacho, pero sobre todo, sobre a dorna. Dixo que aínda lle faltaban unha chea de datos por conseguir, pero que pronto daría remate ao seu gran estudo; aínda tardou dez anos máis en sacar a súa obra sobre <As embarcacións tradicionais de Galicia>.

Pero se esa inxente cantidade de documentación me deixou perplexo, máis aínda foi cando sacou aqueles álbums de fotos, todas da Illa dos anos 60 s.XX. Eran fotos impresionantes, dunha calidade increíble e que deixaba ao descuberto unha Ons que me parecía totalmente diferente á que eu coñecía a mediados dos anos 70, e iso que só había dez anos de diferenza.

O tempo corría a bulir e tivemos que marchar, non sen antes pasarnos os nosos enderezos e teléfonos quedando dende aquela unha importante amizade que durou ata os nosos días.



Staffan Mörling na praia de Curro en 1965.
Sacada do libro “Ala, no medio do mar”

STAFFAN MÖRLING, O SUECO QUE ENFEITIZABA AS DORNAS DE ONS

Staffan, despois de obter unha beca na universidade de Lund (Suecia), decidiu seguir a estela deixada polos seus antepasados viquingos e chegou a Galicia, onde despois de informarse, decidiu fondear na Illa de Ons, que polas súas singularidades, era o lugar ideal desa Galicia profunda mariñeira, para comezar a súa singradura investigadora sobre as embarcacións tradicionais, algunhas das cales, coas transformacións lóxicas co paso do tempo, procederían da súa terra, os Drakkar.

Jesús Acuña, ao carón de darlle pensión e comida, favoreceulle o seu entronque no difícil armazón social illán e así contactou con facilidade co Sr. Domingos, coñecido cariñosamente como “Cachote”, que era o único carpinteiro de ribeira que había en Ons e encargado do arranxo de todas as dornas illáns.

A vida de Staffan transcorría entre as praias de Curro, Canexol e o peirao. Alí poderíamolo atopar a calquera hora do día, pola mañá para tomar nota e fotografar o arranxe de aparellos antes de saír ao mar, o transporte das dornas ata a orela, a saída destas,... Logo quedaba a carón de Cachote para, de novo, fotografar, anotar,..., todos os labores que facía na súa carpintería de ribeira a ceo aberto. Ao serán ou á noite, de novo na praia ou no peirao, para ver a chegada das dornas, a vogar ou a vela, e tomar nota de todas as manobras, para deseguido, axudar a subilas ata o seu berce de area onde quedaban seguras das mareas ou das marusías.

Así era o seu día a día que ás veces compaxinaba con algunha saída ao mar para tomar apuntes de todas as manobras para a pesca do polbo dende dorna con liña (raña) ou ao espello, aínda que o seu “Director de tese na Illa” era Cachote e con el pasaba moitas horas. O Sr. Domingos foi quen lle falou doutras embarcacións tradicionais e os lugares onde podía observalas e estudalas, xa que el traballara, antes de vir á Illa onde casou con Rosa, a comadroeira, con varios carpinteiros de ribeira na bisbarra do Barbanza e pola zona de Muros, a onde fora arranxar algún bote.

Staffan non era amigo de ir á taberna, aínda que ás veces ía para observar, escoitar e preguntar aos mariñeiros. Senón estaba na praia ou no mar, estaba na súa habitación poñendo a limpo o que recompilara na xornada, e así, como el dicía, ordenar os montóns de notas que escribía constantemente.

Outro dos seus “Titores” de tese en Ons, foi o seu sogro Aurelio Otero Acuña, pois, segundo afirmaba, era o mellor mariñeiro a vela en dorna que había na Illa e foi o que lle proporcionou todos os datos necesarios sobre o xeito de navegar con vela de relinga. Sobre el dixo: “... o mariñeiro, polo camiño da experiencia, daba cos mellores procedementos, sen necesidade de que alguén lle dera clases ao respecto.”

O seu traballo foi importantísimo para que agora se poñan en valor as Embarcacións Tradicionais de Galicia.



O Sr. Domingos (Cachote), na Praia de Curro, arranxando a quilla dunha dorna polbeira.

Foto: Staffan Mörling 1965



Dorna polbeira con vela de relinga, arribando ao peirao da Illa de Ons.

NAMORAR, NAMORAR NAMOREIME, NAMOREIME NO MEDIO DO MAR

Non é doado entender como unha persoa, nunha sociedade tan pechada como a da Illa de Ons, foi quen de chegar, conquistar aos seus veciños, namorarse dunha illán e chegar a casar con ela, naqueles anos sesenta tan complicados.

Pois si, iso foi quen de facelo o Sueco, Staffan Mörling. Non foi fácil, pero as circunstancias puxéronse do seu lado. Alí foi acollido por Jesús Acuña, que era unha persoa con moito carisma, moi apreciado e respectado na Illa, e o propio Ministerio do Exército, administrador de Ons, tiña como cabezaleiro, encargado do cobro da renda agrícola e da orde. Tiña unha tenda-bar e posuía unha casa de dous andares que alugaba por habitacións ás persoas que se achegaban a Ons por algún motivo de traballo. O Sueco, alí durmía e comía, o que hoxe chamariamos en réxime de pensión completa. Ese trato familiar con Jesús trouxo que, a carón de axudalo a contactar cos veciños, tamén collera confianza coas súas fillas Palmira e Clara. Palmira, daquela, xa moceaba con Manuel Otero (Garulo). Manuel vivía en Canexol e era veciño e parente de Josefa Otero (Chefa). A irmá de Manuel, Concepción, era moi amiga de Chefa e nos días de troula ou foliada eran as encargadas de tocar a pandeireta para o baile e as cantigas, estaban consideradas as mellores pandereiteiras da Illa. A súa vez, Concepción, tamén moceaba con Manuel Pérez, fillo de Cachote, o carpinteiro de ribeira “titor” de Staffan nas súas pescudas sobre a dorna. Todo este cúmulo de casualidades fixo que Staffan entrara no grupo con estes mozos e mozas e así, nos días de festa, tivo a oportunidade de coñecer máis de preto a Chefa e, coa súa eterna paciencia, ir conquistándoa paseniñamente.

Así foi como Staffan Mörling, o Sueco de Ons, encantador de dornas, foi quen de casar con Josefa Pérez Patiño e formar unha feliz familia.



Á esquerda Manuel Otero (Garulo) ao seu lado bailando, Chefa e Concepción.